



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Expte. FG nº 571

RESOLUCIÓN Nº 3437/2011

Na Casa Consistorial de Oleiros, a oito de setembro de dous mil once, o Sr. Alcalde-Presidente, **DON ÁNGEL GARCÍA SEOANE**, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

VISTO expediente para a tramitación do Proxecto de Compensación do Polígono 13 en Bastiagueiro-Lians.

RESULTANDO que se emitiu informe pola Coordinadora de Servizos Urbanísticos en data 08.09.11, do teor literal seguinte:

"Por Resolución nº 58 de 12 de enero de 2011, aprobouse inicialmente o Proyecto de Compensación do POL-13, Bastiagueiro (documento nº 18517 de 30.09.2010) coa seguinte condición:

"Deberá acreditarse a titularidade pública do tramo de camiño prolongación da Rúa do Ocaso, ao que da fronte a parcela que se adjudica ao Concello. Do contrario deberá proceder a constituir a correspondente Xunta de Compensación, de conformidade ao informe emitido."

Resultando que o expediente someteuse a exposición pública e audiencia dos interesados por prazo de 20 días anunciándose así no BOP de data 25 de xaneiro de 2011 nº 16 e notificouse aos interesados, téndose por interesado á Compañía de Jesús, titular de terreos colindantes co ámbito e en concreto co camiño prolongación da Rúa do Ocaso, cuxa titularidade pública ou privada debía aclararse.

No informe previo á aprobación inicial xa se expoñía a problemática relativa a un tramo de camiño prolongación da Rúa Ocaso, onde están colocados uns marcos de acceso á propiedade dos Jesuitas. Catastralmente este tramo é de titularidade pública, é dicir, non aparece formando parte de parcela catastral algunha, non obstante os marcos colocados constitúen motivo de dúbida sobre titularidade deste tramo de camiño. Tanto o estudo de detalle como o proxecto de compensación atribúen a parcela municipal do 10% de aproveitamento con fronte ao acceso a este tramo, deberá acreditarse a titularidade pública do tramo de camiño, do contrario a parcela municipal non daría con suficiente fronte a camiño público para posibilitar a edificación e a explotación comercial da mesma, diminuindo seu valor, de aí a insistencia municipal en orde a aclarar e esixir que se tratase dun camiño público a fin de garantir que a parcela na que se materializaba o aproveitamento urbanístico municipal cumpría coa determinación básica de soar (dar fronte a vía pública) garantíndose o acceso rodado á parcela.

Por escrito nº 1718 de 7.02.2011, D. Ramón Fresneda del Pino, como representante da Residencia de A Coruña de la Compañía de Jesús (Jesuitas) aportou contrato privado de permuta de terreos con planos subscrito con D. Manuel Pérez-Alcalde Company, no que queda acreditado que o tramo de camiño prolongación da Rúa Ocaso, é da Compañía de Jesús.

A fin de xestionar a cesión do camiño prolongación da Rúa Ocaso, suspendeuse a aprobación do proxecto de compensación aos efectos do silencio administrativo. Finalmente a Compañía de Jesús presenta escrito nº 13.593 de 5 de setembro de 2011, polo que se solicita se acepte a cesión dos 168 m² de camiño.

Tamen pola Promotora BASTIAGUEIRO PROMOCIONES S.L. presentouse documento refundido para a aprobación definitiva no que se recollen os matices que debían figurar nas fichas de parcelas de resultado en orde á afección de servidume de protección e remisión ás determinacións do Estudo de Detalle. Tamen se incluíu unha servidume recíproca de paso peatonal a favor das parcelas de resultado A e B que facilita o acceso dos clientes ao ámbito comercial."



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Por todo o que, en uso das facultades atribuídas pola lei, **RESOLVO**:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito presentado por D. Salvador Galán Herraéz, en representación da Compañía de Jesús e proceder á aceptación de cesión dos 168 m² de camiño prolongación da Rúa Ocaso, en Bastiagueiro.

Segundo.- Aprobar definitivamente o documento denominado Proxecto de Compensación POL-13 "Bastiagueiro" (documento de 08.09.11 e nº rexistro 13784) advertindo que este acordo surte os efectos establecidos no art. 118 da Lei 9/2002, é dicir, transmisión ao municipio en pleno dominio e libre de cargas, de tódolos terreos de cesión obrigatoria para súa incorporación ao patrimonio do solo e súa afección aos usos previstos no planeamento.

Terceiro.- Incluir no Inventario de Bens como bens de dominio público:

	Estudo Detalle	Proxecto Compensación	Titularidade
Parcela A	6048,75 m ²	6048,75 m ²	Bastiagueiro Prom. S.L.
Parcela B	561,41 m ²	561,41 m ²	Concello Oleiros 10% aproveitamento
Espazo libre V-90	2.660 m ²	2.660 m ²	Pública, zona verde / espazo libre
Parcela VIAL-1	554,50 m ²	554,50 m ²	Ampliación vial rúa Ocaso.
Parcela VIAL-2	49,34 m ²	49,34 m ²	Ampliación vial rúa Miradoiro
TOTAL SOLO	9.874 m ²	9.874 m ²	

PARCELA DO 10% MUNICIPAL:

A parcela que recolle o 10% de aproveitamento municipal coincide coa definida polo Estudo de Detalle, tendo asignada unha edificabilidade de 444,33 m² que corresponde co 10% do aproveitamento tipo do polígono.

A parcela está libre de cargas.

Resulta edificable en 2 sotos cada un de 450 m² e unha planta baixa cun aproveitamento de 444,33 m².

Cuarto.- Dilixenciar documento presentado o día 08.09.11 e nº rexistro 13784.

Quinto.- Notificar a Promotora BASTIAGUEIRO PROMOCIONES, S.L. para que proceda a elevar a escritura pública e inscrición rexistral do documento, presentando unha copia do mesmo unha vez inscripto no Rexistro da Propiedade.

Sexto.- Lembrar a BASTIAGUEIRO PROMOCIONES, S.L. que o Proxecto de Urbanización do POL-13 deberá contemplar a execución das obras de urbanización que afectan aos 168 m² de cesión para ampliar e prolongar a Rúa Ocaso.

Sétimo.- Remitir un exemplar do documento ao Catastro Municipal a efectos de alta no Padrón de IBI.

Oitavo.- Inscibir no Inventario de Bens Municipais como bens de dominio público os terreos destinados a VIAL 1 e 2 e no Patrimonio Municipal do Solo a parcela B.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Noveno.- Procede o arquivo do documento nº 18.517 de 30.09.2010, ao quedar substituído polo actual.

Décimo.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos arts. 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de **dous meses**, a contar do día seguinte ao que reciba a notificación do presente acordo. Previa e potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición, de conformidade co art. 116 da Lei 30/92, no prazo de **un mes**, a contar do día seguinte ao que reciba a devandita notificación.

Tamén poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión, cando concorra algunha das circunstancias previstas no art. 118 da Lei 30/92, do 26 de novembro, pola que se aproba o Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, nos prazos establecidos no apartado 2 do mesmo art. 118. Todo isto, sen prexuízo do dereito dos interesados a formular a solicitude e a instancia á que se refiren os arts. 102.1) e 105.2) da devandita lei.

O Alcalde-Presidente,



Dou fe,
A Secretaria Xeral,

Asdo.: Asunción Sardon Blanco.

